

Don Manuel Angel Leis Míguez, Alcalde do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña.

Por mor do Día Internacional da Muller en colaboración co Obradoiro de emprego Xuventude 2023 no cal participan os Concellos de A Baña, Val do Dubra, Santa Comba e Negreira aprobáronse por Decreto 2024/G003/000087 as bases do “ I Concurso Buscapistas 8M” e publicáronse na páxina web do Concello de Negreira co obxecto de dar a coñecer e por en valor as mulleres e/ou colectivos máis salientables do noso municipio ou que teñan alguna vinculación co mesmo por mor do Día Internacional da Muller e co premio 8M .

Por Decreto 2024/G003/000117 estaba previsto levar a cabo o sorteo público de dito concurso o día 9 de abril de 2024 as 11:00 horas.

Dacordo coas bases do meritado concurso resulta innecesario levar a cabo dito sorteo toda vez que existen dous participantes , dos cales unha das persoas debe ser excluída por non cumprir cos requisitos requiridos para participar no mesmo dado que non achegou a ficha de inscrición establecida como premisa de participación no mesmo na base 4 último parágrafo de dito Concurso.

A tal efecto e dado que o único participante que cumpre os requisitos en dito sorteo completando a búsqueda dos códigos QR das mulleres e/ou colectivos máis salientables do noso municipio con todos os requisitos establecidos en canto a presentación ao mesmo recaeu na seguinte persoa:

-Fabián Fabeiro Pena.

En cumprimento das facultades que me otorga o artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e disposicións concordantes de aplicación, resolvo:

Primeiro.- Excluir a participante Montserrat Pena Neo por non cumprir cos requisitos formais de participación previstos na base 4 último parágrafo de dito Concurso ao non presentar a ficha de inscrición.

Segundo.- Nomear como gañador do “I Concurso Buscapistas 8M” a Fabián Fabeiro Pena outorgándolle o vale regalo de 100 euros a canxear nunha tenda da vila quen deberá recoller de xeito presencial o seu premio no Concello de Negreira (rúa do Carmen nº 3 CP 15830).

Segundo-Publicar o presente Decreto na páxina web do Concello de Negreira.

Terceiro.-Dar conta de este acordó o pleno na próxima sesión ordinaria que celebre.

En Negreira na data da sinatura electrónica.
O Alcalde

Perante mín,
A Secretaría da Corporación



Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Manuel Angel Leis Míguez

Miriam Naveira Dono